

**- CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-**

**ACTA Nº 1/2016**

**DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL  
- DIA 04 DE XANEIRO DE 2016 -**

Marxe que se cita:

**ASISTENTES**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- BNG

**Concelleiros/as:**

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA.- BNG  
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG  
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP  
JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP  
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP  
Mª JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP  
CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE  
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

**Concelleiros ausentes:**

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON  
BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE

**Secretaria accidental:**

Vicenta A. Campaña Martínez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:04 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DIA**

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**
- 2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.**
- 3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**
- 4º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

**Acta Nº 18 Sesión Extraordinaria do día 23 de novembro de 2015.**

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

**Acta Nº 19 Sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2015.**

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

### **Acta Nº 20 Sesión extraordinaria do día 17 de decembro de 2015.**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

## **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.**

**2.A)** A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/11/2015 ata o 30/11/2015, que comprenden os números 571/2015 ao 622/2015, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.**

**2.B)** A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 22 da Sesión ordinaria do día 09/11/2015
- Acta Nº 23 da Sesión extraordinaria do día 23/11/2015

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

## **3.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

### **3.1.- MOCIÓN QUE PRESENTA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG: CONTRA O ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA.**

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia, dicindo que lles parece que é non conta cos sectores estratéxicos da pesca que son os que entenden e viven do mar e saben o que se enfrentan con esta Lei.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 15 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Adelina Ces Quintáns, lee a moción.

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente aparición do anteproxecto da lei de Acuicultura, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 1 de outubro de 2015 amosa como obxectivo fundamental e último a privatización do mar. Feito especialmente grave polo que afecta o ben máis prezado dos nosos mares como son as rías e entre eles a nosa Ría de Arousa. O sector do mar, confrarías, asociacións profesionais, colectivos en defensa da ría, veñen de manter diferentes encontros nas últimas semanas que amosan o rexeitamento practicamente unánime á dito texto normativo.

A falta de diálogo e de busca de consenso co sector que traballa e vive do mar son tamén eivas iniciais dunha lei que aposta pola acuicultura industrial masiva nun ecosistema delicado, que sufriu nestes anos non poucos problemas de produción motivados por numerosos episodios de contaminación e de mortalidade, ou lacra do furtivismo. Lonxe de resolvelas, vemos como se aposta por engadir unha problemática máis abrindo portas a concesións administrativas que converten as rías en sociedades anónimas desprazando aos sectores tradicionais cos conseguíntes graves prexuízos para actividades como a pesca de baixura, o marisqueo ou o cultivo de mexillón. Coa conseguínte prohibición da pesca no ámbito deses novos establecementos acuícolas plantexadas no texto.

Entendemos que como municipio que vive do mar, debemos defender a retirada do texto proposto e que de ser precisa unha Lei, esta se faga desde o diálogo inicial cos sectores produtivos, comezando polas confrarías, asociacións profesionais e colectivos medioambientais.

Polo tanto e sen outras valoracións posteriores de índole de competencias municipais (ausentes neste texto), consideracións ambientais, paisaxísticas ou urbanísticas, a engadir ás críticas a este anteproxecto de Lei instamos a trasladar á Xunta de Galicia os seguintes

#### ACORDOS:

1 Retirada do anteproxecto de Lei e inicio dun proceso de participación cos sectores afectados para impulsar un texto consensuado desde a base.

2 Trasladar este acordo á Xunta de Galicia e á Consellaría de Pesca.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo vai apoiar a moción xa que se esa lei se leva a cabo conlevaría un empobrecemento das comarcas costeiras. Debería facer unha lei que garantizara a ordenación e potenciación das actividades en base aos criterios do medio económico en defensa do medio mariño.

A voceira do grupo do PSOE, **María del Carmen Figueira Ares**, di que o seu grupo tamén apoia a moción e parècelles que se hai que facer unha normativa nova, debe estar feita ca participación de tódolos sectores implicados.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo abstense xa que entenden que é extemporánea esta moción, xa que se está tratando dun anteproxecto que está nun proceso de exposición pública de participación, é dicir, que está en proceso de recollida de opinións dos sectores afectados e cónstalles que vai ser modificado no seu tempo.

Indica que lles parece prematuro falar de retirada, cando precisamente o que se iniciou foi ese proceso de participación que se está pedindo. Dí que por outra banda estase falando de privatización do mar e quere lembran o que pasou en datas recentes, e que todos se lembran, que as concesións das bateas vencían e fíanse a esgotar e o goberno bipartito da Xunta de Galicia no que participaba o BNG e o PSOE, non tiñan ningún reparo en que esas concesións se extinguirán porque precisamente habería empresas que querían explotar conxuntamente eses parques de cultivo, e o goberno negábase nese momento a prorrogar as concesións. Sinala que foi o Partido Popular que foi o que prorrogou as concesións e as

bateas seguen sendo das familias e seguen tendo un tecido produtivo e asociativo que xera riqueza.

Sinala que PP é consciente de que moitas familias están vivindo do mar, e precisamente o que están facendo con esta Lei, é poñer os pasos para adaptar a normativa actual comunitaria. Dí que a Lei váise facer co consenso do sector. Anuncian a abstención e non a oposición, xa que neste momento non existe un texto definitivo e non se poden pronunciar sobre él.

A voceira do grupo do B.N.G., Adelina Ces Quintáns, di que o seu grupo apoia a moción. Sinala que non lembran se esa lei a que se refire o voceiro do P.P. estaba mal, pero que segue sendo unha privatización e se as concesións das bateas caducaban, pois habería que regulalas. Que se chegou a consenso, e que posiblemente se chegaría tamén se outros partidos políticos estivesen gobernando. Indica que esto é outra cousa distinta xa que se queren meter na ría os produtos tóxicos, son antibióticos e son produtos que na ría desfavorecerían. Dí que se as confrarías dín que eso non é bo para eles, basearanse en algo.

Engade que van apoiar a moción e que van a intentar que a ría non se converta nunha forma de pesca insostible para as persoas.

Polo Sr. Alcalde, maniféstase que había outra maneira de traballar e de facelo e partir dun texto que tivese xa máis consenso.

Dí que non hai necesidade dunhas rías, que en principio xa están xerando moita riqueza cas explotacións mexilloeiras e a pesca artesanal e outros tipos de pesca, e non entenden a teima de abrir a ría a facer experimentos, que esta Lei apoia, coma os das granxas de salmón ou outro tipo. Engade que non ten cabida nun ecosistema pechado xa que é suficientemente rico neste momento e traballado coma as rías galegas.

Indica que tamén hai algún elemento estrano e que aparece dentro do texto da propia Lei, metendo dentro das disposicións transitorias para facer actuacións coas confrarías. Dí que deberían ter chegado a un consenso co sector e facer unha lei de acuicultura respaldada dende a base polas confrarías e que neste momento non está sucedendo iso. Dí que xa non se debería dar paso a debater, senón a facer un texto novo e que se abra un proceso diferente de consenso, no que as confrarías e asociacións mexilloeiras, que se van reunir éste sábado en Rianxo de todas as comarcas. Sinala que precisamente o alcalde do PP de Vilanova foi o que fixo as manifestacións en contra da referida Lei e favor dos veciños.

Remata dicindo que habería que facer una Lei nova cun consenso e diálogo e non partindo dun anteproxecto que xa ven marcado polas diferenzas entre todos os colectivos obviando os principios que debe ter a lei, polo que se vai manter o texto e trasladarlle isto á Xunta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 1 membro do grupo Rianxo en común), ceros votos en contra e cinco abstencións (dos 5 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

### **3.2.- MOCIÓN QUE PRESENTA AMNISTIA INTERNACIONAL SOBRE AS CONSECUCIAS DO CONFLICTO ARMADO EN SIRIA.**

## A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O alcalde xustifica a urxencia, dicindo que lles parece que é razoable unir este texto aos xa acordados por este Concello, xa que o tema dos refuxiados está senso prioritario.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 15 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

O alcalde Adolfo Muíños Sánchez, lee a moción.

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea está fronte ao seu maior exame de humanidade en décadas e até o de agora suspende claramente en dereitos humanos. Os abusos nas fronteiras, a descoordinación ante a crise e a falta dun liderado claro están a ser a tónica.

Non é só unha crise de refuxiados: son tamén a crise e a deplorable resposta de Europa. Os líderes europeos deben estar á altura, cumprir o dereito internacional e protexer aqueles que o necesitan.

Desde marzo de 2011 houbo centenaes de miles de persoas que perderon a vida como consecuencia do conflito armado en Siria, moitas delas civís. Outras miles permanecen detidas ou secuestradas e son vítima de tortura ou doutros malos tratos, ou malviven en cidades baixo asedio. Unhas 85.000 persoas desapareceron. Tanto o goberno sirio como os grupos armados de oposición son responsábeis de crimes de guerra e de abusos contra os dereitos humanos: asasinaron, torturaron e maltrataron prisioneiros.

Como consecuencia deste grave conflito armado, actualmente o número de persoas refuxiadas supera os catro millóns, a gran maioría das cales buscaron seguridade en países veciños como Xordania, Líbano, Iraq ou Exipto. Outros 7,6 millóns de persoas están desprazadas dentro das fronteiras de Siria. É dicir: máis de 11 millóns de persoas, aproximadamente a metade da poboación de Siria, tiveron que deixar os seus fogares.

Ante esta situación, a resposta da comunidade internacional é claramente insuficiente. É urxente que se emprendan accións para protexer a poboación civil e previr que se cometan máis crimes de dereito internacional. A inacción internacional incrementa a impiedade dos responsábeis de violar os dereitos humanos. España, como parte da comunidade internacional, tamén ten responsabilidades verbo desta crise humanitaria, polo que consideramos que o Goberno debe dar unha resposta centrada nos dereitos humanos das persoas que foxen do conflito en Siria.

Polo tanto, este Concello insta ao Goberno de España a:

1. Ofrecerlles rutas legais e seguras aos máis de catro millóns de refuxiados. É preciso incrementar de forma moi significativa as prazas de reasentamento, conceder máis visados humanitarios e facilitar a reunificación familiar. Débense priorizar as mulleres e as nenas en situación de risco, as persoas con necesidades médicas ou con discapacidades e outras con necesidades especiais de protección.
2. Promover que a comunidade internacional emprenda as accións necesarias para protexer a poboación civil de Siria e previr que se cometan máis crimes de dereito internacional, incluídos os crimes de guerra e de lesa humanidade.
3. Instar o Consello de Seguridade das Nacións Unidas a que lle remita o caso de Siria á Corte Penal Internacional e ordene a conxelación dos activos do presidente Bashar al-Assad e dos seus colaboradores máis próximos.
4. Promover que de inmediato se paren as transferencias de armas ao goberno sirio; impedir o fluxo de armas e outro tipo de apoio militar a aqueles grupos armados en Siria dos cales se crea que levaron a cabo graves violacións de dereitos humanos ou do dereito internacional humanitario; e imporlles sen demora un embargo global de armas ás forzas do Estado Islámico, sexa cal for o país onde se atopen.
5. Incrementar o apoio, tanto financeiro como técnico, ao Plan de Resposta das Nacións Unidas para a crise de Siria.

Ademais, este Concello asume o compromiso de:

1. Pór ao dispor do Goberno de España un número significativo de prazas de reasentamento para persoa refuxiadas de Siria, así como suficientes recursos para a implementación dos programas de integración necesarios.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo vai apoiar a moción e insta ao concello de Rianxo a darlle urxencia ao plan do Concello que ten previsto facer.

A voceira do grupo do PSOE, **María del Carmen Figueira Ares**, di que o seu grupo tamén apoia a moción e dí que o problema segue existindo aínda que agora xa non se fale tanto dos refuxiados e que se poñan os medios necesarios para darlle solución a este problema.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo abstense aínda que comparten gran parte da filosofía da moción, entenden que é extemporánea, a pesar de votar a favor da urxencia por cortesía, entenden que non é un motivo urxente o tratala, xa que se acordaron noutro Pleno a adopción de medidas. Sinala que algunha destas medidas teñen que adoptarse a nivel internacional, non só no eido dos estados, en canto ao reparto dos refuxiados.

Indica que o seu grupo está de acordo en que Rianxo colabore e que lles gustaría saber en que situación está o plan que había, aínda que saben que non é reponsabilidade só do concello, xa que hai que coordinar ca Xunta e con outras administracións.

Anuncia a abstención do seu grupo, xa que non comparten á maior parte das manifestacións da mocións. Reiteran o contido da moción que se votou entre tódolos grupos políticos no Pleno deste Concello.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo apoia a moción por que están no limbo do olvido cando hai xente pasando calamidades e morrendo e non se están tomando medidas para evitalo. O Concello de Rianxo xa se puxo a disposición do Estado para sumarse e ofrecer axuda, pero aínda non se contestou por parte do Estado ao ofrecemento que fixo o concello, estando a espera de que se faga.

Di que xa vai sendo hora de que se adopten medidas por ser de xustiza.

O alcalde engade que non chega a Galicia poboación refuxiada, os Concellos activados non tiveron resposta e a ver se esta Moción serve para que dalgunha maneira poda haber unha resposta máis global. Di que con esta moción preténdese reactivar que haxa máis ofertas e se adopten medidas ao respecto.

Sinala que non lle consta que estea chegando a Galicia poboación refuxiada ou polo menos non se fixo pública, aínda que tamén sería razoable que se fixera de forma discreta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 1 membro do grupo Rianxo en común), ceros votos en contra e cinco abstencións (dos 5 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Polo Sr. Alcalde dáse contestacións ás preguntas do último pleno.

- En relación ao derrubo do edificio da farmacia

Di que no PXOM está prevista unha actuación conxunta para toda esa zona que hai dende a esquina do mar á Rúa Rinlo e que hai que negociar co propietario cando estea máis avanzado o Plan Xeral. Indica que a idea é que toda esa zona teña un uso colectivo e non haxa unha edificación a pé de Rúa como está agora. Di que está previsto un retranqueo considerable que implicaría que os edificios foran nunha segunda liña, mediante convenio co propietario.

Sinala que é un tema que depende do PXOM e que se pode consultar no Plan Xeral. Que a zona aparece como de uso público, podendo barallarse o uso final entre zona axardiñada, apeadeiro de autobuses ou algún tipo de servizo para a xente. Indica que o que se busca é un retranqueo e que os edificios non cheguen a pé de rúa, pero ao abeiro dun convenio co propietario. Di que o PXOM modifica o Estudio de Detalle acordado no seu día co Grupo Mahia de que os edificios chegaran a pé de Rúa, pero dentro dun convenio co propietario dos terreos.

Engade que o que se pretende é que esa transición entre o campo e zona de entrada teña menos impacto e quede libre para mellorar a visibilidade da Capela de Guadalupe, a praza, etc, e que á persoa que entre pola rúa Rinlo vexa unha zona axardiñada para dar vistosidade á entrada do pobo.

- En canto aos contedores do lixo, di que no verán fíxose unha limpeza de todos, uns 500 e encargárase outra para primeiros de ano para que con periodicidade se siga facendo. Sinala que lle consta que a empresa Coregal fixo unha limpeza de todos.

- En canto ao investimento do Concello sobre un millón e pico de euros, que o concello para cambiar a liña de alumeadado, sinala que a concesión que se prevía sacar de todo o alumeadado público, implicaba que de non dispoñer o concello, faríase a cargo da empresa que resultase adxudicataria e asumir os custes de enerxía eléctrica.

Di que non é necesario que o concello dispoña dese importe para cambiar a rede e os cadros de mando, senón que é a propia concesión, grazas ao aforro que se vai realizando cada ano, que sexa a que acometa o cambio, para o cal contará cun período de tempo para realizar ese investimento.

- En canto aos veciños de Asados pola achega que facían para o parque biosaudable na área recreativa da Santa Lucía, di que no PAS que se aprobou polo Pleno xa está incluída esta área biosaudable no parque de Asados, a súa montaxe. Xa foi aprobada a inversión polo Pleno Municipal estando pendente de que sexa aprobado o Plan pola Deputación.

O concelleiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Juan Antonio Losada Martínez**, formula as seguintes preguntas:

**P.1.-** ¿Que actuacións ten pensado facer o goberno municipal en relación ca perda de cotizantes?

**P.2.-** Di que os veciños estanse queixando constantemente polo fallo no alumeado, xa que están as bombillas fundidas. ¿que medidas vai adoptar? Deberíase obrigar a empresa adjudicataria a facer revisións a miúdo para que os veciños non teñan que estar pendentos.

**P.3.-** Di que esta cheo de fochancas é hai seis meses que se asfaltou, e xa están as estradas igual, a pesar que se que se fixo recentemente en época electoral ¿Teñen pensado facer algo máis en relación a esto?.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, formula os seguintes rogos:

**R.1.-** Roga que a biblioteca non estea pechada nas vacacións.

O alcalde toma nota.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, formula as seguintes preguntas:

**P.1.-** ¿Que contactos se fixeron cos responsables do tren sobre a vial en relación ca terra? Segue a chegar a terra cando chove.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandí**, formula os seguintes rogos:

**R.1.-** Que a recollida do lixo no Toural, Hermida e outros lugares faise cada tres semanas, e roga que se faga as xestións oportunas e se comprobe. Dí que lles parece demasiado espaciado o tempo entre recollidas.

**R.2.-** As escaleiras da praia de Tronco están en mal estado.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandí**, formula as seguintes preguntas:

**R.3.-** Gustaríaslles saber ¿Quenes son os Asesores legais externos do Concello?.

O Alcalde toma nota.

**R.4.-** ¿Vai tomar algunha medida en relación ca pouca efectividade que está demostrando a oficina de turismo? Tanto polo emprazamento que ten e polo horario. Entenden que Rianxo debería contar cuns servizos turísticos de maior calidade, cunha oficina mellor emprazada e cun horario máis amplo para atender á xente que se achega.

**R.5.-** ¿Ten pensado o Concello adoptar algunha medida para poñer a aldea maldita de Abuín como ben patrimonial?, saben que hai intentos de que hai xente que quere vir a facer algún tipo de investigación arqueolóxica e podería ser un referente cultural, e un reclamo turístico. Roga ao mesmo tempo que se faga algo ao respecto e se estuden as posibilidades de poñer en valor eses recursos.



**R.6.-** *En relación a Urbanización Virxe de Guadalupe, di que hai o aparcamento, e aínda que saben que é privado, non está en boas condicións deberían buscar a maneira de adecentalo xa que é de uso público aínda que sexa privado, xa que é moi utilizado e convertido nun aparcamento de uso público.*

**Respostas da Alcaldía:**

- En relación aos cotizantes que perde Rianxo, di que todos están nesa mesma dirección. Indica que é un problema xeral, que cada vez hai menos traballadores. Hai que darlle volta a todo isto, pero é un tema que non so dende a perspectiva local se poida facer, pero que este concello intentará resolvelo na medida do posible, xa que é un tema complicado e difícil.

Indica que este Goberno xa tratou o tema de que o parque empresarial vaia tendo o atractivo necesario para a incorporación de varias empresas. Di que é un tema que non se solventará a curto prazo pero que haberá que buscar tamén a nivel local iniciativas que vaian nesa dirección, pero as cifras son suficientemente importantes e que necesitan dunha actuación contundente. Sinala que a solución non será a curto prazo, pero que é da preocupación do equipo de goberno e de todos de que haxa a mellora xeral da situación que aumenten as cifras.

Engade que non se pode pensar en Rianxo como unha illa e que non vaia participar tamén do problema que teñan outras localidades e que se pode traballar no tema de maneira global.

- En Canto ao tema dos veciños, de que se queixan dos fallos do alumeado, di que é difícil que con 5.000 puntos de luz non ter algunha fundida. Dí que poden facer roldas de comprobación pero igual ao día seguinte xa algunha pode estar apagada. Sinala que pensa que nestes casos igual é mellor que os propios veciños sexan os que avisen dos fallos.

Engade que precisamente a nova inversión que se pretende facer implica o cambio dos cadro de mando e dos puntos de luz. Di que se está traballando para que canto antes saia o concurso que vai posibilitar que haxa esa mudanda xeral de todos os puntos de luz e cadros de mando, e que vai conlevar tal como estaba previsto nos pregos, tamén o cambio da propia empresa. Será unha nova empresa o que faga eso.

Incide que será a través do novo concurso que se intentará un novo sistema de avisos ou reaccións máis rápidas para que se reduzan ao mínimo os incidentes que hai coas farolas. Aínda que que é complicado manter todas alumeando ao mesmo tempo, xa que hai moitos puntos de luz en tódolos sitios. Sinala que a diferenza está sobre todo no tempo de resposta para reposición das lámparas e os sistemas de aviso que fagan que haxa ata un aviso automático de selo caso.

- En relación as fochangas, evidentemente hai moitas, pero non foron preelectorales. Di que o problema foi que non se conseguiu facer antes a actuación e incluso houbo outras que foron feitas despois de haber eleccións, incluso a rúa Rinlo que a fixo a Deputación, na que goberna o PP, e non pensa que o fixeran con intención algunha. Dí que cadraron así as cousas e non hai que darlle maior importancia.

Sinala que no Plan Pai hai previsto unha actuación de cara a primavera para adecentamento das pistas e incluso algún outro máis. Recórdalle que o seu voceiro recentemente manifestou que, menos cemento e máis coñecemento, pero efectivamente tratarase de equilibrar todas as actuacións.

Engade que hai prevista unha inversión de 150.000 € para pistas que afectará ás pistas do rural e cerca de 200.000 € para a zona de Rianxo e Buía, en total máis de 300.000 € e que incluso quedarán escasos, xa que son actuacións custosas, pero irase investindo na medida do posible.

- En relación aos responsables do viaduto do tren, no caso de todas as afectacións concretas á vía, chamouse persoalmente ao capataz de obras da Deputación para que levantaran unha acta da actuación realizada a raíz do desprendemento, buscando que o responsable do vial tamén se implique na actuación que tamén lles está prexudicando.

Di que se levantou un informe estando na propia zona, co obxectivo de que tamén a Deputación trasladase as queixas a empresa, non só o Concello, pola afectación que está causando ao vial que usado por todos.

- En canto á recollida do lixo, indica que se abrirá un expediente de selo caso, xa que non poden estar 3 semanas sen facer a recollida. Di que a recollida ten que ser feita ca periodicidade que corresponden co recibo que se cobra e que non hai dúbida de que se poda permitir ese abandono.

- En relación ás escaleiras da praia de Tronco, di que está solicitada ao organismo de Costas dende fai meses, non que fagan eles a obra, senón a autorización para que o Concello poida facer a actuación, pero aínda non se lles concedeu o permiso necesario. Sinala que as veces eses permisos implican ademáis de facer unha solicitude ter que facer un proxecto, o que supón un custe elevado en relación co que suporía facer esa pequena obra. Indica que en canto reciban a autorización farase a actuación solicitada.

- En canto á oficina de turismo, este ano vanse beneficiar dun pequeno plan da Deputación que vai permitir ter máis persoal e máis tempo nas oficinas de turismo e mirarase o asunto do emprazamento. Di que o emprazamento está na entrada principal de Rianxo, e que quizás para a súa mellor visualización, haberá que sinalizar mellor a oficina.

- En relación á aldea maldita de Abuín, entende que efectivamente é un bo recurso xa que na actualidade as cousas que rozan o sobrenatural teñen boa aceptación. Xa que as veces están máis interesados en grabar programas neses temas que noutros recursos naturais.

Sinala que xa está integrada nunha pequena ruta arqueolóxica que se fai a pe e está sinalizada. Di que xa houbo varias excursións de escolares á zona onde o Concello colaborou poñendo guía para realizar a visita. Engade que é necesaria unha xestión cos propietarios privados, e que algún ten intención de que se faga actuacións na zona. Indica que lle parece interesante incorporar ese espazo a algunha ruta ou visita e que nos cursos de verán da Universidade da Coruña de arquitectura, se fixo algún fincapé neste tema, incluso algún tamén algún outro recurso que está máis abaixo perto da zona, antigo muiño con noria lateral de madeira, e algún pequeno peirao, xa que hai recursos na zona que podan complementarse e poder crear un bo espazo na referida zona de Abuín.

- En canto á zona de aparcamento na urbanización de Mahía, dí que se se intentará falar cos donos para facer un convenio para actuar alí e poder facer algún pequeno amaño, xa que é unha zona que nós necesitamos. En todo caso será algo temporal, xa que a zona é obxecto dunha urbanización. Di que espera que haxa boa vontade por parte dos propietarios para poder intervenir na zona.

Engade que se fará todo o posible para poder mellorar a zona, polo menos mentres non se urbanice. Tamén indica que alí hai un parking público e que non é utilizable polos veciños.

Polo concelleiro de Rianxo en Común, Juan Antonio Losada Martínez, pregunta se no referido aparcamento a responsabilidade civil, corresponde ao concello, ao ser o aparcamento de uso público.

Polo Sr. Alcalde, acláraselle que aínda que sexa utilizado por todos para aparcar o terreo é privado e non hai ningún documento nin convenio asinado cedendo o mesmo para uso público.

Por último o Alcalde di que se intentará chegar a un acordo co propietario para poder arranxar a zona e seguir utilizando como aparcamento público.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:50 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria accidental.  
DXAL

Adolfo Muíños Sánchez

Vicenta A. Campaña Martinez